

Probas selectivas para cubrir dúas prazas da categoría profesional de técnico/a especialista de escola infantil da Universidade de Santiago de Compostela, convocadas por resolución reitoral do 24 de novembro de 2022.

Exercicio: 4º exercicio, cuestionario tipo test.

Duración: 40 minutos.

Non abra este caderno ata que llo indique o tribunal

(Galego)

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2024

- 1.- O Artigo 22 da Constitución Española indica no seu punto 1º que:
 - a) Prohíbense as asociacións secretas e as de carácter paramilitar.
 - b) Recoñécese o dereito de asociación.
 - c) Todos teñen dereito a sindicarse libremente.

- 2.- O Artigo 26 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais indica que:
 - a) As traballadoras embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo con dereito a remuneración, para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ó parto, previo aviso ao empresario e xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.
 - b) As traballadoras embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo con dereito a remuneración, para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ó parto, previo aviso ao empresario e sen necesidade de xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.
 - c) As traballadoras embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo con dereito a remuneración, para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ó parto, sen necesidade de aviso previo ao empresario e sen necesidade de xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.

- 3.- O Artigo 6.1 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, define “a situación en que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puider ser tratada, en atención o seu sexo, de maneira menos favorable que outra en situación comparable” como:
 - a) Acoso sexual.
 - b) Discriminación directa.
 - c) Discriminación indirecta.

- 4.- O Artigo 85 dos Estatutos da USC indica que a convocatoria e a presidencia das sesións do Claustro Universitario e do Consello de Goberno é competencia:
 - a) da Secretaría Xeral.
 - b) do Reitor.
 - c) do Consello Social.

- 5.- A disposición adicional primeira da Lei 7/2023 para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia indica que “Para os efectos desta lei, entenderase por composición equilibrada a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo...”:
 - a) Non superen o 60% nin sexan menos do 40%.
 - b) Non superen o 65% nin sexan menos do 35%.
 - c) Non superen o 70% nin sexan menos do 30%.

- 6.- O Artigo 27 da Constitución Española indica no seu punto 10º que:
 - a) A ensinanza básica e obrigatoria é gratuíta.
 - b) Se recoñece a autonomía das universidades nos termos que a lei estableza.
 - c) Todos teñen dereito a educación. Recoñécese a liberdade de ensinanza.

7.- O Artigo 3 do Convenio colectivo para o persoal laboral da USC, no seu punto 3º, indica que non se atopan incluídos no ámbito de aplicación do convenio:

- a) O persoal contratado con cargo a programas, proxectos, contratos de investigación ou a estudos propios da universidade.
- b) O persoal docente e investigador con relación xurídico-laboral coa universidade.
- c) O persoal de administración e servizos que presta os seus servizos na USC.

8.- Segundo o Artigo 14 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais o custe das medidas relativas a seguridade e saúde no traballo:

- a) Non deberá recaer en modo algún nos traballadores.
- b) Debe ser asumido pola autoridade laboral.
- c) Debe ser asumido polo ministerio de traballo, o ente autonómico equivalente e o empresario.

9.- O Artigo 40 dos Estatutos da USC, no seu apartado 3º, indica que :

- a) A clasificación en grupos e categorías profesionais do persoal laboral de administración e servizos será a que se estableza no convenio colectivo vixente en cada momento ou de acordo coa lexislación laboral vixente.
- b) A clasificación en grupos e categorías profesionais do persoal laboral de administración e servizos será a establecida no Artigo 76 do Estatuto básico do empregado público.
- c) A clasificación en grupos e categorías profesionais do persoal laboral de administración e servizos será a establecida no Artigo 84 do Estatuto básico do empregado público.

10.- O Artigo 11 do Convenio colectivo para o persoal laboral da USC indica que:

- a) A organización do traballo, conforme a lexislación vixente, e facultade exclusiva da universidade.
- b) A organización do traballo, conforme a lexislación vixente, debe negociarse anualmente entre a universidade e os representantes dos traballadores.
- c) A organización do traballo, conforme a lexislación vixente, debe negociarse cada cinco anos entre a universidade e os representantes dos traballadores.

11.- No Artigo 60 do Convenio colectivo para o persoal laboral da USC non se atopa entre os permisos:

- a) Revisións médicas.
- b) Licenzas sen retribución.
- c) Nadal e aninovo.

12.- O Artigo 6 da Lei 7/2023 para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia define “Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa co propósito ou co efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo” como:

- a) Acoso por razón de sexo.
- b) Acoso sexual.
- c) Acoso por orientación sexual ou por identidade de xénero.

13.- O Artigo 15 no seu punto 3º da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, indica que o empresario adoptará as medidas necesarias a fin de garantir que :

- a) So os traballadores que teñan un mínimo de 5 anos de experiencia podan acceder as zonas de risco grave e específico.
- b) So os traballadores especializados podan acceder as zonas de risco grave e específico.
- c) So os traballadores que teñan recibido información suficiente e axeitada podan acceder as zonas de risco grave e específico.

14.- Segundo o indicado no Artigo 13 punto 1º do Regulamento de usos lingüísticos da USC, “A condición do galego como idioma oficial e propio da USC implica que todo o persoal ao servizo da USC”:

- a) Deba formarse para estar en condicións de entendelo e usalo, tanto oralmente como por escrito.
- b) Estea en condicións de entendelo e usalo, tanto oralmente como por escrito.
- c) Estea en condicións de entendelo e usalo, cando menos por escrito.

15.- Segundo indica o Artigo 9 punto 1º do Regulamento de usos lingüísticos da USC:

- a) A lingua dos procedementos administrativos tramitados pola USC será, por defecto o castelán.
- b) A lingua dos procedementos administrativos tramitados pola USC será, por defecto o galego.
- c) As linguas dos procedementos administrativos tramitados pola USC serán o galego ou o castelán.

16.- O Artigo 74 dos Estatutos da USC establece que o órgano de participación da sociedade na Universidade de Santiago de Compostela é:

- a) Consello de Goberno.
- b) Claustro Universitario.
- c) Consello Social.

17.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, no seu Título III Capítulo VI, “Deberes dos empregados públicos. Código de conduta”, establece que os empregados públicos “Axustarán a súa actuación os principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos e cos seus superiores, compañeiros, subordinados e cidadáns”. Forma parte dos:

- a) Principios de conduta.
- b) Principios de actuación.
- c) Principios éticos.

18.- O Artigo 6 da Lei 7/2023 para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia define “Calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo” como:

- a) Acoso por razón de sexo.
- b) Acoso sexual.
- c) Acoso por orientación sexual ou por identidade de xénero.

19.- O Artigo 36 dos Estatutos da USC indica no seu punto 2ª que:

- a) O persoal de administración e servizos estará constituído polo persoal laboral e polo persoal funcionario das escalas propias e das escalas doutras universidades ou de corpos e escalas doutras administracións públicas que presten os seus servizos na Universidade de Santiago de Compostela.
- b) O persoal de administración e servizos estará constituído polo persoal laboral e polo persoal funcionario das escalas propias da USC.
- c) O persoal de administración e servizos estará constituído polo persoal laboral e polo persoal funcionario das escalas propias e das escalas doutras universidades que presten os seus servizos na Universidade de Santiago de Compostela.

20.- O Artigo 43 dos Estatutos da USC indica que:

- a) Anualmente, a Universidade de Santiago de Compostela, logo de acordo cos órganos de representación do persoal, aprobará a súa oferta de emprego público, na cal se preverá, en todo caso, a porcentaxe de vacantes que se convocarán por promoción interna.
- b) Anualmente, a Universidade de Santiago de Compostela, logo da negociación cos órganos de representación do persoal, aprobará a súa oferta de emprego público, na cal se preverá, en todo caso, a porcentaxe de vacantes que se convocarán por promoción interna.
- c) Anualmente, a Universidade de Santiago de Compostela, logo da negociación co Consello de Goberno, aprobará a súa oferta de emprego público, na cal se preverá, en todo caso, a porcentaxe de vacantes que se convocarán por promoción interna.

21.- O Artigo 20 da Constitución Española indica no seu apartado 1.c) que se recoñecen e protexen os dereitos:

- a) A liberdade de cátedra.
- b) A expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera medio de reprodución.
- c) A produción e creación literaria, artística, científica e técnica.

22.- O Artigo 43 do Convenio colectivo para o persoal laboral da USC indica que se exceptúan do réxime ordinario de xornada:

- a) Xornada por quendas.
- b) Xornada irregular, de 35 horas semanais de media en cómputo mensual, non axustada a quenda.
- c) Xornada dos traballadores da escola infantil.

23.- Segundo o indicado no Artigo 9 punto 5º do Regulamento de usos lingüísticos da USC:

- a) Os títulos de estudos oficiais expediranse en galego de acordo co establecido pola lexislación sobre expedición de títulos universitarios oficiais. De ser solicitado se emitirá en versión bilingüe galego-castelán ou galego-inglés.
- b) Os títulos de estudos oficiais expediranse en versión bilingüe galego-inglés de acordo co establecido pola lexislación sobre expedición de títulos universitarios oficiais.
- c) Os títulos de estudos oficiais expediranse en versión bilingüe galego-castelán de acordo co establecido pola lexislación sobre expedición de títulos universitarios oficiais.

24.- O Artigo 25 da Constitución Española indica no seu punto 3º que:

- a) A administración civil non poderá impor sancións que, directa ou subsidiariamente, impliquen privación de liberdade, a excepción de que sexan ratificadas por un xuíz.
- b) A administración civil non poderá impor sancións que, directa ou subsidiariamente, impliquen privación de liberdade, a excepción das que veñan recoñecidas na lei.
- c) A administración civil non poderá impor sancións que, directa ou subsidiariamente, impliquen privación de liberdade.

25.- O Artigo 22 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais indica que:

- a) O empresario garantizará os traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes o traballo.
- b) O empresario obrigará os traballadores ao seu servizo a vixilancia anual do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes o traballo.
- c) O empresario garantizará os traballadores ao seu servizo a vixilancia anual do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes o traballo.

26.- O Real Decreto Legislativo 5/2015, no seu Título III Capítulo VI, “Deberes dos empregados públicos. Código de conduta”, establece que os empregados públicos “Non aceptarán ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas”. Forma parte dos:

- a) Principios éticos.
- b) Principios de conduta.
- c) Principios de actuación.

27.- O Artigo 81 dos Estatutos da USC di que aprobar e propor o Consello Social o proxecto de orzamento é competencia do:

- a) Reitor.
- b) Claustro.
- c) Consello de Goberno.

28.- Segundo o indicado no Artigo 9 punto 3º do Regulamento de usos lingüísticos da USC, “Os contratos e convenios asinados pola USC redactaranse en galego...”:

- a) De ser o caso, redactaranse na lingua ou linguas oficiais ou de traballo da outra ou outras entidades asinantes.
- b) De ser o caso, redactaranse en castelán se a outra ou outras entidades asinantes foran do estado español pero alleas a comunidade autónoma.
- c) De ser o caso, redactaranse en inglés, de tratarse de entidades estranxeiras.

29.- O Real Decreto Legislativo 5/2015, no seu Título III Capítulo VI, “Deberes dos empregados públicos. Código de conduta”, establece que os empregados públicos “Tratarán con atención e respecto os cidadáns, os seus superiores e aos restantes empregados públicos”. Forma parte dos:

- a) Principios éticos.
- b) Principios de conduta.
- c) Principios de actuación.

30.- O Artigo 37 dos Estatutos da USC indica que son deberes específicos do persoal de administración e servizos:

- a) O coñecemento das funcións propias do posto de traballo que desempeñe.
- b) A formación continua e a promoción profesional.
- c) A permanente actualización no posto de traballo que desempeñe, para o que contará coas accións formativas que a Universidade deseñe, de acordo con estes estatutos e coas súas normas de desenvolvemento.

Preguntas de reserva

31.- O Artigo 36 dos Estatutos da USC indica no seu punto 5º que:

- a) O persoal laboral rexerase pola Lei orgánica de universidades e polas disposicións autonómicas que a desenvolvan, polo Estatuto básico do emprego público e polas disposicións de desenvolvemento deste que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, e por estes estatutos e a súa normativa de desenvolvemento.
- b) O persoal laboral rexerase pola Lei orgánica de universidades e polas disposicións autonómicas que a desenvolvan, polo Estatuto básico do emprego público e polas disposicións de desenvolvemento deste que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, pola lexislación laboral vixente, por estes estatutos e a súa normativa de desenvolvemento e polo convenio colectivo vixente en cada momento.
- c) O persoal laboral rexerase polo convenio colectivo vixente en cada momento.

32.- O Artigo 78 dos Estatutos da USC di que a aprobación das liñas xerais da programación plurianual e dos orzamentos é competencia do:

- a) Consello Social.
- b) Claustro.
- c) Consello de Goberno.

33.- O Artigo 123 da Lei 7/2023 para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia indica “Cando a porcentaxe de mulleres empregadas por conta allea nun ámbito sectorial determinado non alcanzar o 40 por cento da contía total de persoas empregadas dentro dese sector na Comunidade Autónoma de Galicia, as actividades de formación para o emprego de persoas ocupadas por conta allea poderán ser convocadas cunha reserva do...”:

- a) 40%
- b) 60%
- c) 50%